

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016681	IES Carlos Casares	Vigo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura clásica	3º ESO	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

O número de alumnos matriculados en Cultura Clásica (3º da ESO) é de 17, dos cales 7 corresponden ao Programa de Diversificación Curricular.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	Marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. Localización nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	9	10	X		
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. Presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.	9	10	X		
3	Política	Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. Presenza da civilización grecolatina na organización política actual.	8	7	X		
4	Sociedade	Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. Presenza da civilización grecolatina na organización social actual.	8	8	X	X	
5	Arte grecorromana	Fundamentos e etapas da arte clásica. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. Presenza da civilización grecolatina nas artes.	10	10		X	
6	Espectáculos públicos	Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.	8	8		X	
7	Mitoloxía grecorromana	Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Pervivencia da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Mitoloxía grecorromana	publicidade. Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. Relixión romana: culto público e privado. Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	10	10			X
8	Familias lingüísticas	As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. As linguas romances.	8	8			X
9	Escritura	Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.	8	8			X
10	Helenismos e latinismos	Composición e derivación culta de orixe grega e latina. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.	8	8	X	X	X
11	Literatura	Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	8	8	X	X	X
12	Fraseoloxía en grego e latín	Fórmulas básicas de saúdo en latín e/ou grego, e fraseoloxía básica do mundo escolar.	6	10	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Localizar en mapas en formato papel ou en liña as localizacións propostas.	PE	60
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Descibir axeitadamente en formato papel ou en liña a maioría das localizacións propostas.	TI	40
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopar e identificar elementos da presenza clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.
- Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Identificar e relacionar en orde cronolóxica cada unha das etapas históricas e coñecer, cando menos, algunha característica identificativa.	PE	60
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Identificar e recoñecer algunhas características, persoeiros, feitos históricos, etc. e saber elaborar un eixe cronolóxico coas datas propostas.		
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Coñecer e identificar algunha das características propostas da romanización.	TI	40
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopar elementos da presenza clásica na contorna e no país a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.
- Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.
- Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
3	Política	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identificar características da organización política grecorromana e establecer a súas semellanzas e diferenzas cos sistemas políticos actuais.	PE	50
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos dos sistemas políticos clásicos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	50
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica nos sistemas políticos actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
4	Sociedade	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Distinguir e clasificar características das clases sociais en textos propostos.	PE	40
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	O alumnado deberá demostrar que coñece algúns dos trazos máis salientables da vida cotiá grecorromana.		
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Coñecer os membros da familia e describir o papel que desempeñan.	TI	60
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da sociedade clásica nas artes e sociedades actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da civilización clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. - A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller.

Contidos
- Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
5	Arte grecorromana	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Identificar en edificios singulares características da arquitectura grecorromana.	PE	30
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Recoñecer e identificar características do urbanismo romano especialmente na actualidade.		
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distinguir algunhas características da arte clásica e relacionalas con obras artísticas actuais.	TI	70
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñecer e identificar características da escultura grecorromana en obras representativas.		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Localizar algunha das construcións clásicas que se conservan en España e no resto de Europa.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da presenza clásica nas manifestacións artísticas actuais e na sociedade e política a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopar elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da civilización clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.

Contidos

- Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto.
- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.
- Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
6	Espectáculos públicos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Identificar e comparar algunha das formas de lecer da antigüidade clásica co mundo actual.	PE	40
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Identificar e comparar algunha das manifestacións deportivas da antigüidade clásica co mundo actual.	TI	60
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos do lecer e o deporte do mundo clásico na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
7	Mitoloxía grecorromana	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identificar grazas aos atributos das divindades o nome das principais deusas e deuses, a súa área de influencia e relacións entre eles e elas.	PE	35
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Describir e distinguir os indicadores que diferenzan o culto público do privado.		
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñecer, cando menos, máis da metade dos mitos e heroes propostos, atopando semellanzas con outras mitoloxías.	TI	65
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	O alumnado deberá atopar algunha semellanza e conexión entre a relixión grega e as actuais.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da mitoloxía clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopar elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. - Relixión romana: culto público e privado. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
8	Familias lingüísticas	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	O alumnado deberá identificar, distinguir, recoñecer e relacionar algunhas das linguas europeas e as súas familias.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. - As linguas romances.

UD	Título da UD	Duración
9	Escritura	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	O alumnado deberá distinguir, comprender e recoñecer os sistemas de escritura propostos e os seus elementos gregos e latinos.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. - Orixes do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.

UD	Título da UD	Duración
10	Helenismos e latinismos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	O alumnado deberá distinguir e identificar termos cultos e patrimoniais e os fenómenos fonéticos da súa evolución.	TI	100
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	O alumnado deberá utilizar con propiedade a terminoloxía proposta en textos escritos.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza de latinismos e helenismos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
11	Literatura	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	O alumnado deberá identificar e relacionar as características dos xéneros literarios grecolatinos en textos propostos.	TI	100
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza da literatura clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.

Contidos
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
12	Fraseoloxía en grego e latín	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	O alumnado deberá usar correctamente as fórmulas de saúdo e o léxico básico da aula.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

4.1. Concrecións metodolóxicas

- Lecturas de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano (fragmentos de obras orixinais, adaptacións, textos historiográficos, etc.) para traballar transversalmente a comprensión lectora e que ilustren os temas que se tratarán.
- Incentivar a participación na aula do alumnado a través da expresión de ideas e reflexións, facendo especial fincapé no desenvolvemento da capacidade comunicativa en público.
- Uso das tecnoloxías informáticas para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo, propiciando con iso o afondamento nas técnicas de investigación, procura, selección e presentación da información tanto de forma oral como escrita ou visual.
- Recursos como a cartografía e a elaboración de eixes cronolóxicos tanto en formato papel como mediante recursos en liña, aplicacións que permiten percorridos virtuais polas localizacións máis destacadas do mundo grecorromano e visualizar vídeos sobre os contidos referidos especialmente ao primeiro bloque, así como dos lugares de culto marcados por unha contorna xeográfica moi particular e grazas a iso poderá conectarse a xeografía coa arqueoloxía, a relixión ou a mitoloxía, especialmente no caso do mundo grego.
- Traballaremos con técnicas de aprendizaxe cooperativa, nas que o alumnado terá a oportunidade de interactuar nun contexto académico. Este método permitiranos amosarlles que os grupos de traballo acadan os seus obxectivos e resultados se todos os seus membros se esforzan ao máximo e son responsábeis da tarefa que se lles encomenda.
- Traballo interdisciplinar: a través dos contidos de lingua e cultura estableceremos relacións con outras materias do currículo, especialmente coas do eido humanístico: Latín, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Filosofía, Historia da Arte, Historia, Xeografía, Antropoloxía, etc. O tratamento do léxico e dalgúns temas de legado permitiranos achegarnos a materias do eido científico como Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Tecnoloxía, etc.
- Outras metodoloxías como o traballo por proxectos significativos para o alumnado, a clase invertida (flipped classroom), a aprendizaxe colaborativa, a ludificación, etc. que permitan maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimicen resultados e fagan o proceso de ensinanza máis inclusivo e variado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de elaboración propia coa incorporación de contidos e actividades
Enderezo electrónico, acceso a internet (casa, biblioteca...)
Caderno de escritura tamaño DIN A4 con cuadrícula ou sin ela.

Utilizaremos os materiais elaborados polo profesor, de tal maneira que o minipórtatil se utilice en clase e na casa para realizar algún exercicio ou cuestionario ou para unha busca puntual de información. Porén, durante as explicacións e o traballo habitual en clase utilizarase o encerado tanto convencional como dixital.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Aínda que se trata dunha materia que o alumnado non cursou con anterioridade, hai que considerar o posible alumnado repetidor e os coñecementos previos sobre o mundo grecorromano que poidan ter adquirido en cursos previos noutras materias como Xeografía e Historia ou materias lingüísticas. Por esta razón e para adecuar as explicacións ao nivel de coñecementos da clase, presentaremos na segunda sesión lectiva unha proba escrita de diagnóstico con cuestións xerais diversas referidas a cada unha das unidades didácticas do curso. O alumnado redactará un escrito sobre sí mesmo, para poder observar a súa competencia lingüística.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	8	8	10	8	10	8	8	8
Proba escrita	60	60	50	40	30	40	35	0	100	0
Táboa de indicadores	40	40	50	60	70	60	65	100	0	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	6	100
Proba escrita	0	0	36
Táboa de indicadores	100	100	64

Criterios de cualificación:

A avaliación organizarase en torno a tres momentos fundamentais:

- Avaliación inicial: para detectar os coñecementos, preconceptos e prexuízos previos tanto de tipo lingüístico como cultural (principalmente estes últimos) que os alumnos teñen sobre cada punto dos contidos da programación.

- Avaliación continuada: valoraremos preferentemente a adquisición progresiva de contidos, conceptos e obxectivos, e o desenvolvemento das competencias, pero tamén o propio proceso de aprendizaxe dos alumnos e a práctica docente. Segundo se vaian explicando unidades didácticas, os alumnos deberán demostrar que teñen asumidos os contidos das xa rematadas e que adquiriron os conceptos mínimos precisos para avanzar sen problemas nas seguintes. No caso contrario haberán de recuperar eses contidos mediante exercicios escritos ou orais que se determinarán no seu momento.

- Avaliación sumativa: ó remate de cada período avaliativo, especialmente ó final do proceso, recolleremos os resultados acadados polo alumnado. Nas convocatorias parciais e, sobre todo, na final comprobarase de xeito prioritario cando se acadaron os requisitos mínimos esixidos para a superación das materias, atendendo á adquisición duns obxectivos e dunhas competencias, e ó desenvolvemento duns hábitos e técnicas de traballo e dunha sensibilización ante os valores procurados.

Os criterios de cualificación recollidos neste apartado son os que se aplicarán nas avaliacións parciais e na final. En cada trimestre faranse cando menos dous exames escritos e/ou orais relacionados cos contidos explicados ata o momento no que teñan lugar, procurando sempre a uniformidade nos temas incluídos. Ademais, valoraranse tamén os seguintes aspectos:

- Ortografía

- Lectura e expresión escrita comprensiva

- Fluidez na expresión oral

- Corrección na presentación dos traballos encomendados

- Intervencións nas actividades de clase e de grupo.

Polo tanto, a cualificación recibida polos alumnos en todas as avaliacións, agás na final para recuperar a materia , será froito non só das notas obtidas en cada exame, nos boletíns de exercicios, nos controis, nos traballos individuais ou de grupo e en cantas tarefas se lles encarguen, senón tamén da ortografía, da presentación dos traballos, da expresión escrita e da expresión oral .

a) Avaliacións parciais:

O referente para avaliar as aprendizaxes dos alumnos serán os criterios de avaliación e os contidos, os cales á súa vez están conectados coas competencias clave. Os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para alcanzalos.

Nas distintas avaliacións parciais as cualificacións do alumnado estableceranse segundo o procedemento que se indica

- Valoración do que chamaremos actividades cotiás: resolución de actividades prácticas na aula e na casa, resposta ás preguntas orais formuladas polo profesor sobre temas e cuestións anteriores, participación na aula, boletíns de exercicios programados para facer un seguimento do grao de asimilación dos contidos explicados nas distintas unidades, etc. O valor que este apartado terá nas cualificacións das distintas avaliacións parciais será dun 40%.

- Os contidos serán avaliados por medio de probas escritas tipo test, cando menos dúas por avaliación. Nestes exames mesturaranse preguntas con resposta única e preguntas con resposta múltipla; ademais, cando as probas fagan referencia a temas relacionados coa xeografía de Grecia ou de Roma, poderán incluír mapas para ser completados polos alumnos, e cando fagan referencia á mitoloxía clásica poderán incluír imaxes para a identificación e/ou comentario de personaxes e mitos. Nas cualificacións das distintas avaliacións parciais estes contidos terán o valor dun 60%

- Cualificación nas avaliacións parciais: segundo o que se vén de dicir, a nota de cada avaliación parcial resultará da suma das puntuacións obtidas nos diferentes apartados despois da aplicación das ponderacións asignadas a cada un deles: 40% (actividades cotiás) + 60% (probas sobre contidos culturais).

b) Aclaracións sobre arredondamentos nas avaliacións parciais: é facultade exclusiva do profesorado que imparte as materias utilizar ou non utilizar nas avaliacións parciais a práctica do arredondamento. Como aclaración, entenderase que calquera nota que estea entre 5 e 5,9 será 5 e entre 4 e 4,9 será 4 (e así co resto de notas enteiras), agás que o profesor decida facer uso do posible arredondamento.

c) Criterios para calcular a nota final da materia:

Para superar a materia Cultura Clásica de 3º de ESO, será preciso que á hora da avaliación final os alumnos teñan unha cualificación positiva (5 ou máis puntos) cando menos en dúas das tres avaliacións parciais, sendo unha delas a terceira. Neste caso a nota final das materias será igual á media aritmética das tres avaliacións parciais (se esa media fose inferior ós 5 puntos, será elevada automaticamente ata os 5 puntos, xa que se estaría a cumprir o criterio xeral establecido para superar as materias: ter cando menos dúas avaliacións parciais aprobadas, sendo unha delas a terceira). Sobre esa nota poderase aplicar un factor de corrección á alza de ata 1 punto, o cal será de aplicación potestativa por parte do profesorado atendendo a unha actitude positiva e a un bo traballo persoal realizado ó longo do curso polo alumnado. Para os estudantes con dúas ou tres avaliacións parciais suspensas a nota final das materias será igual á media aritmética das tres avaliacións parciais (se esa media fose superior ós 4 puntos, a cualificación rebaixarase ata os 4 puntos, xa que eses alumnos non estarían cumprindo o criterio xeral establecido para superar as materias: ter cando menos dúas avaliacións parciais aprobadas, sendo unha delas a terceira).

Nesta materia poderá aplicarse un aumento de ata medio punto na cualificación final dos alumnos se estes mantiveron unha progresión ascendente nas notas das tres avaliacións parciais, sempre que estas estean aprobadas (5 ou máis puntos).

-CRITERIOS DE CORRECCIÓN E PUNTUACIÓN DE EJERCICIOS E PRUBAS

-Puntuacións: todo tipo de exames, boletíns de exercicios, controis sobre fragmentos de documentais, traballos e tarefas que se lles encomenden ós alumnos serán valorados sobre 10 puntos e posteriormente faranse as medias e ponderacións que resulten oportunas. A puntuación que neles se lle outorgue a cada apartado, exercicio ou pregunta aparecerá recollida de forma explícita no propio instrumento. Ademais, no caso concreto dos exames aplicaranse os seguintes criterios:

-Non presentarse a un exame sen unha causa debidamente xustificada por escrito supoñerá para os alumnos unha puntuación de 0 puntos no exame en cuestión.

-Entregar un exame en branco, ou con respostas fóra de ton ou de contido totalmente carente de sentido en relación coas preguntas formuladas supoñerá para os alumnos unha puntuación de 0 puntos no exame en cuestión.

-Copiar nun exame polo procedemento que sexa supoñerá para os alumnos unha puntuación de 0 puntos no exame en cuestión.

-Non entrega de tarefas: cando un alumno sen causa debidamente xustificada por escrito entregue fóra de prazo ou non entregue un boletín de exercicios, un traballo ou calquera outra tarefa que se lle encomende, ou de fragmentos de documentais obterá no instrumento en cuestión unha puntuación de 0 puntos. Os exercicios, traballos, tarefas, etc. seranlle recollidos e corrixidos, pero, se non xustifica a súa tardanza na entrega, computaranlle como un 0 á hora de establecer a nota da avaliación.

-Copiar nas tarefas: cando un alumno copie dun compañeiro as actividades dun boletín de exercicios, dun traballo ou de calquera outra tarefa que se lle encomende obterá no instrumento en cuestión unha puntuación de 0 puntos, medida que lle poderá aplicar tamén ó alumno que facilite as tarefas para ser copiadas.

-Faltas de ortografía: en todo exercicio, tarefa ou exame que requira unha produción escrita do alumnado cada erro ortográfico na lingua vernácula será penalizado coa detracción de 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto.

-Presentación: terase en conta negativamente a mala presentación, especialmente no que toca a limpeza, borranchos, caligrafía e respecto polas marxes, podendo supoñer a perda de ata 0,5 puntos en cada exercicio e exame.

-Exactitude nas respostas: valorarase o rigor na resolución das actividades e a corrección na indagación, estudo e asimilación de información.

-Expresión oral e escrita: unha coidada expresión oral e escrita na lingua habitual dos alumnos, especialmente no que toca ó léxico e a sintaxe, poderá supoñer un extra de ata 0,5 puntos en cada exercicio, proba ou traballo.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno non obteña unha cualificación positiva (5 ou máis puntos) na primeira ou na segunda avaliación parcial, poderá recuperalas mediante un exame escrito, que terá unha estrutura semellante á dos realizados para o establecemento da nota da avaliación parcial suspensa e abarcará todos os contidos traballados na avaliación en cuestión. Os alumnos deberán recuperar aquela na que obtiveran unha cualificación máis baixa. Cando un alumno suspenda a terceira avaliación parcial tendo aprobada a primeira e/ou a segunda avaliación, o profesor daralle a posibilidade de realizar unha recuperación, que consistirá en volver facer (cambiando as preguntas) o exame parcial desa terceira avaliación no que obtivera unha cualificación máis baixa. Esta recuperación da terceira avaliación só poderá ser realizada por aqueles alumnos que a xuízo do profesor que imparta a materia mantiveran unha actitude positiva e un bo rendemento académico ó longo do curso (por exemplo, alumnos que presentaran todos os boletíns de exercicios, alumnos que non teñan impostas faltas de orde, etc.).

O alumnado que non supere a materia na 3ª avaliación terá a oportunidade de obter unha cualificación positiva na materia mediante unha proba en xuño, que versará sobre os contidos explicados ó longo de todo o curso e que será do mesmo tipo que as planificadas nas distintas avaliacións parciais. Os mínimos esixidos para aprobar a materia nesta convocatoria serán os mesmos que os fixados para ela na presente Programación Didáctica.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O procedemento para a recuperación da materia Cultura Clásica de 3º de ESO consistiría na elaboración de traballos escritos repartidos nas tres avaliacións e que se entregarán ao final de cada unha delas. Os traballos consistirán na elaboración de esquemas das unidades descritas na programación.

A cualificación final será a media aritmética dos traballos entregados nos tres trimestres.

6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, seguindo o artigo 52 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan específico personalizado para este alumnado.

Sendo a Cultura Clásica unha materia optativa, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Neste sentido tomaranse medidas como:

- Concreción e disposición secuencial de obxectivos.
- Metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe seguida de cerca polo titor, maior participación, combinación de actividades (individual, por grupos, exposición, investigación, etc.), aprendizaxe autónoma, etc.
- Diversificar procedementos de avaliación.
- Reforzar valores e determinadas capacidades de tipo emocional.
- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.
- É fundamental e accesible tamén o reforzo da lectura comprensiva na nosa materia.
- Outras medidas como a ampliación e afondamento para alumnado que o requira, recuperación, reforzo, adaptacións, etc.

É posible que polas circunstancias persoais, sociais ou culturais dalgún alumno ou alumna sexa necesaria unha adaptación curricular significativa, o que implicará modificacións de elementos de prescrición do currículo como os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, mesmo no que se refire a concrecións metodolóxicas, aínda que esta medida só se tomará despois de explorar todas as posibilidades ordinarias. A adopción deste proceder será autorizada por Inspección Educativa e tras este paso decidírase que elementos do currículo deberán ser modificados.

Nestes casos, a avaliación axustarase aos criterios individualizados establecidos na adaptación curricular, tendo sempre como referente os obxectivos da etapa á hora da promoción.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- alumnado con altas capacidades intelectuais.
- alumnado con necesidades educativas especiais.
- alumnado con integración tardía no sistema educativo.
- alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, o departamento preparará e entregarlles un material de apoio para traballar durante as fins de semana e períodos de vacacións. Este material (que se elaborará determinando aqueles aspectos que o alumno non consegue facer, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai que utilizar) deberao presentar rematado á volta do período vacacional. Durante a clase poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto de compañeiros prepara outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- exercicios previos para comprender mellor a materia.
- exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- exercicios de repaso daqueles coñecementos menos adquiridos.

Do mesmo xeito, ao alumnado que amose un especial interese, procurarase entregarlle material (todo tipo de recursos materiais e recursos en rede) para ofrecerlle a posibilidade de profundar en aspectos concretos do programa de contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.				X				
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X				X
ET.7 - A educación emocional e en valores.				X				X
ET.8 - A igualdade de xénero.			X	X		X	X	
ET.9 - A creatividade.					X		X	
ET.10 - A educación para a paz.		X	X					

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.				
ET.4 - A competencia dixital.	X		X	
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.				
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.			X	
ET.7 - A educación emocional e en valores.				X
ET.8 - A igualdade de xénero.			X	X
ET.9 - A creatividade.	X		X	
ET.10 - A educación para a paz.				

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, a xustiza, a igualdade, ao pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no concurso en liña "Odisea".	Concurso sobre coñecementos do mundo clásico organizado pola Sociedade Española de Estudos Clásicos en torno ao mes de febreiro.			
Festival de teatro grecolatino.	Asistencia ás obras de teatro clásico e visita á cidade que alberga o Festival, no mes de marzo e marzo, normalmente.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en Meteoescolas	Aplicar os coñecementos da linguaxe científica aplicada á meteoroloxía, participando na recollida de datos da estación meteorolóxica do centro			

Observacións:

Algunha outra actividade como asistencia a exposicións, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1 Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.
3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos.
4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
5 Resultado das medidas de atención á diversidade.
6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.

Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarase especialmente despois de analizar os resultados de cada unha

das avaliacións. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos na memoria final de curso.

9. Outros apartados